

I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS

BASES DA I EDICIÓN:

ARTIGO 1. OBXECTIVO XERAL.

A Mostra de Teatro do Concello de Zas xorde co propósito de fomentar as artes escénicas, en particular no eido afeccionado. Pretende ser unha cita anual á que poidan acudir compañías de teatro amador, e favorecer así o teatro feito en Galiza e en galego.

ARTIGO 2. PARTICIPANTES.

Poderán concursar todos os grupos afeccionados de Galiza. Cada grupo presentará a concurso o número de obras que desexe, das cales só poderá ser seleccionada unha.

ARTIGO 3. NORMAS DE PARTICIPACIÓN.

1. Para poder participar deberase presentar, xunto coa inscrición, un vídeo do espectáculo completo, en formato DVD (copia, nunca orixinal). Por parte do grupo ou compañía acéptase a difusión de imaxes ou a difusión da totalidade da obra seleccionada a concurso.
2. Xunto coa inscrición deberase presentar toda a documentación posible sobre o grupo ou compañía:
 - Historia da compañía ou grupo.
 - Certames aos que concorreu.
 - Fotografía do espectáculo.
 - Páxina web, blogue ou facebook do grupo (optativo).
3. Será por conta dos grupos participantes a autorización do autor da obra. Os dereitos de representación das obras presentadas, se así fose necesario, correrán a cargo dos participantes.

ARTIGO 4. INSCRICIÓN.

1. Coa inscrición deberán sinalarse os datos postais da persoa responsable, así como o domicilio fiscal da compañía ou grupo:
 - Nome e apelidos.
 - Enderezo. CIF/NIF
 - Teléfono.
 - Correo electrónico.
 - Domicilio fiscal da compañía ou grupo.

2. A inscrición das obras presentadas ó certame serán realizadas polo director/a da compañía ou persoa responsable. A inscrición farase mediante escrito no que deberá constar:

- Título do espectáculo e autor.
- Sinopse.
- Duración.
- Reparto.
- Características técnicas (medidas da escenografía, potencia de luces, etc...)

3. É obrigatorio presentar os datos pedidos en todos os apartados anteriores.

Ademais, para poder facer efectivo o ingreso dos gastos polo montaxe do escenario, as compañías finalmente seleccionadas deberán aportar á organización un xustificante bancario co número de conta da que sexan titulares, e na cal poidan percibir o importe correspondente por este concepto, como se establece no ARTIGO 9.

Tamén será ingresado aí o importe do premio que poida gañar a compañía, conforme ao exposto no ARTIGO 8.

4. A inscrición das obras poderá presentarse en persoa no Rexistro do Concello de Zas.

Tamén poderá facerse en calquera dos lugares establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/92. No caso de que se presentara a documentación noutros lugares que non fora o Rexistro do Concello, deberán remitir un fax ao número 981751142, dando aviso da presentación da documentación.

No caso de enviala por correo certificado, o enderezo postal é o seguinte:

I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS.

Concello de Zas.

Praza do Campo N° 1.

15850 - Zas, A Coruña.

(O horario do Rexistro do Concello de Zas é de luns a venres de 9:00 a 14:00h.).

ARTIGO 5. PRAZO.

O prazo límite de inscrición e entrega da documentación conclúe o 28 de marzo de 2016.

Unha vez rematado o prazo de presentación de inscrición aprobarase por resolución da Alcaldía, nun prazo non superior a 3 días hábiles unha relación provisional das obras presentadas. Aquelas solicitudes ás que lles falte documentación, terán un prazo de 5 días naturais para subsanar as deficiencias existentes na documentación. Transcurrido dito prazo publicarase a relación definitiva das obras presentadas.

ARTIGO 6. SELECCIÓN.

A selección das obras será realizada por unha Comisión formada por:
-Manuel García Velo, concelleiro de Cultura ou persoa en quen delegue.

-Ana Lucía Otero Ramos, animadora cultural do Concello de Zas.

-Ricardo Vigueret Gil, membro do grupo de teatro Badius.

-Alberto Villar López, membro do grupo de teatro Badius.

-Pablo Soto Videla, membro de grupo de teatro Badius.

A Comisión de Selección realizará unha lista de 5 espectáculos. Estes formarán a "**I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO CONCELLO DE ZAS**", e serán exhibidas nos Auditorios de Baio e Zas.

ARTIGO 7. XURADO.

O xurado estará composto por:

-Manuel García Velo, concelleiro de Cultura do Concello de Zas ou persoa en quen delegue.

-Ana Lucía Otero Ramos, animadora cultural do Concello de Zas.

-Ricardo Vigueret Gil, membro do grupo de teatro Badius.

-Alberto Villar López, membro do grupo de teatro Badius.

-Pablo Soto Videla, membro de grupo de teatro Badius.

ARTIGO 8. PREMIOS.

Establécense os seguintes premios:

1. Outorgarase un premio de 700 € ao mellor espectáculo do xurado.
2. Outorgarase un premio de 500 € ao segundo mellor espectáculo do xurado.
3. Outorgarase un premio de 300 € ao terceiro mellor espectáculo do xurado.
4. Tamén haberá un premio ao mellor actor e á mellor actriz, consistente nun trofeo e diploma acreditativo.

Os premios están suxeitos ás retencións legalmente establecidas.

Do mesmo xeito cada grupo participante levará un diploma pola súa participación na Mostra.

ARTIGO 9. GASTOS ORIXINADOS POLA MONTAXE DOS ESPECTÁCULOS.

O Concello de Zas abonará 100€ a cada grupo en concepto de gastos orixinados pola montaxe dos espectáculos.

ARTIGO 10. MEDIOS TÉCNICOS.

O Concello de Zas porá a disposición dos grupos seleccionados o material de iluminación e son por se o precisan:

- Caixa negra.
- 6 focos frontais de 1000 w, 6 focos interiores (2 de 1000 w e 4 de 300 w .
- 1 mesa de luces.
- Mesa de son de 8 canais.
- Reprodutor de DVD.
- 2 altosfalantes de sala, autoamplificados, de 300W.

ARTIGO 11. REPRESENTACIÓNS.

1. Todas as representacións realizaranse no Auditorio do Pavillón Polideportivo de Baio ou no da Casa do Concello de Zas en horario a determinar. A organización poderá cambiar o lugar de representación se circunstancias de forza maior o fixesen imprescindible.
2. Os labores de carga e descarga, así como a montaxe e desmontaxe de decorados e escenografía, serán realizadas por persoal da compañía ou grupo.

ARTIGO 12. DATAS.


As funcións de presentación das obras seleccionadas na I Mostra de Teatro do Concello de Zas, realizaranse durante os sábados, 23 de abril, 30 de abril, 7 de maio e 14 de maio e 21 de maio de 2016, sendo o día 28 de maio a entrega de premios da Mostra.

ARTIGO 13. CONFORMIDADE.

Todos os participantes, polo mero feito de selo, aceptan as presentes bases na súa totalidade.

Zas, a 16 de febreiro de 2016.

O Alcalde.



Asdo: D. Manuel Muíño Espasandín

I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO. CONCELLO DE ZAS 2016

ANEXO I.

FICHA DE INSCRICIÓN DE COMPAÑÍAS TEATRAIS.

Os seguintes datos deberán ser cubertos pola persoa que exerza como representante da compañía/grupo teatral, ou polo director/a da obra a representar:

Nome e apelidos	D.N.I.
Domicilio da compañía	Código Postal
Localidade	Teléfono Contacto
Nome da compañía teatral	e-mail
C.I.F. do grupo	Nº conta bancaria

Ademais destes datos, é necesario enviar unha copia en DVD dunha gravación da obra que se presenta a concurso.

Tamén é conveniente que envies, a ser posible, os seguintes datos:

- Unha breve historia da vosa compañía ou grupo
- Listado de certames aos que concorreu a obra presentada.
- Fotografía do espectáculo.
- Páxina web, blogue ou facebook do grupo.

Todo o anterior poderá ser utilizado para a difusión da Mostra en xeral, e das obras seleccionadas en particular.

**I MOSTRA DE TEATRO AFECCIONADO
CONCELLO DE ZAS 2016**

ANEXO II.

FICHA DE INSCRIPCIÓN DE OBRAS.

A compañía poderá inscribir unha ou máis obras. Os datos necesarios neste apartado son os seguintes:

Título do espectáculo/autor:
Xénero:
Tipo de público ao que vai dirixido:
Sinopse:
Duración:
Reparto:
Características técnicas (medidas da escenografía, potencia de luces, etc.):